

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 10 DE AGOSTO DE 2020.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D.^a Marta María Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e oito minutos do día dez de agosto do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Marta María Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DA SESIÓNS ORDINARIAS REALIZADAS EN DATAS 13 DE XULLO DE 2020 E 3 DE AGOSTO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións ordinarias celebradas en datas 13 de xullo e 3 de agosto de 2020, das que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a, votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións ordinarias realizadas en datas 13 de xullo e 3 de agosto de 2020.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 28 de xullo de 2020, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se reaxusta a dotación orzamentaria por anualidades e se modifica a Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas para a realización dun programa de posta a punto para o emprego, dirixido a persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de inclusión social de Galicia (Risga), e se procede á súa convocatoria plurianual 2020 a 2022. DOG núm. 158 do 07-08-2020.

- Orde do 7 de agosto de 2020, da Consellería de Sanidade, pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 nos concellos de A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada. DOG núm. 158-Bis do 07-08-2020.
- Anuncio do 27 de xullo de 2020, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, -Augas de Galicia-Servizo Territorial da Zona Galicia Norte- relativo á autorización de J.F.G para obras na parcela sita en Tarrío por atoparse nas marxes do río Regueira. Expte DH.W15.70630. BOP núm. 122 do 04-08-2020.
- Anuncio do 24 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á delegación de competencia no concelleiro da corporación, Miguel Suarez García para a celebración do matrimonio civil entre S.P.P e A.U.I o día 25/07/2020 ás 19.30 horas. BOP núm. 123 do 05-08-2020.
- Anuncio do 31 de xullo de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, -Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente- relativo á aprobación das bases reguladoras das axudas PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA DESTINADO A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES. BOP núm. 123 do 05-08-2020.
- Anuncio do 31 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á suplencia da Alcaldía pola primeira tenente de alcalde, Dona María Guadalupe Pombo Carril os días 3 e 4 de agosto de 2020. BOP núm. 124 do 06-08-2020.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
28/07/2020	955	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	***208***	10 horas á semana (agás festivos).
28/07/2020	956	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio. Denegar o Servizo de axuda a domicilio por non acadar a puntuación mínima esixida.	***031*** ***453***	5 horas á semana (agás festivos).
28/07/2020	957	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio.	***697***	5 horas á semana (agás festivos).
30/07/2020	967	Conceder unha ampliación	***558***	5 horas á semana (agás festivos).

2 de 6

		no Servizo municipal de Axuda no fogar		
--	--	--	--	--

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
28/07/2020	948	Conceder unha axuda económica.	***967***	Pago do recibo de gas correspondente aos meses de outubro-decembro de 2019. Pago de recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2019. Pago de auga, correspondente a recibos de 2020. Pago de electricidade correspondentes a meses de 2020. Pago de gas correspondentes a meses de 2020	54,30€ 60,94€
28/07/2020	949	Conceder unha axuda económica.	***312***	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro (400€), febreiro (400€) e parte de marzo (275€) de 2020.	1075€
28/07/2020	950	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***939***	Pago dos recibos de electricidade correspondente aos meses de xaneiro (19,37€), febreiro (18,96€), marzo (20,17€), abril (20,47€), maio (20,36€) e xuño (18,40€) de 2020. Pago dos recibos de gas correspondente aos meses de febreiro (52,99€), abril (50,14€) e	

C.I.F. P-1503100-H

				xuño (60,23€) de 2020.	
28/07/2020	951	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***758***	Pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2019. Pago do recibo de luz correspondente ao período de 02 de xaneiro de 2020 ao 03 de xuño de 2020. Pago do recibo de comunidade correspondente ao 1º trimestre de 2020.	58,79€ 125,04€ 70€
28/07/2020	952	Conceder unha axuda económica.	***408***	Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo, abril, maio e xuño (250€/mes) e 75,68€ o mes de xullo de 2020.	1075,68€
28/07/2020	953	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***359***	Pago do recibo de luz correspondente ao período 16 de abril de 2020 a 16 de xuño de 2020, e que se autorice, dispoña, recoñeza e ordene o pago do recibo de gas, por un importe de 36,80€, correspondente ao período de 14 de abril de 2020 a 11 de xuño de 2020 que lle será aboado	25,93€
28/07/2020	954	Conceder unha axuda económica.	***797***	Pago de aluguer, correspondente aos meses de abril a xullo de 2020 por un importe mensual de 250€. Pago do recibo de electricidade por un importe total de 54,61€, correspondente ao período que vai do 02/04/2020 ao 03/06/2020.	

C.I.F. P-1503100-H

				Pago do recibo de electricidade desde o 04/06/2020.	
30/07/20	965	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	***508***	Pago do recibo de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2020. Pago do recibo de gas correspondente ao período de 14 de abril de 2020 a 11 de xuño de 2020.	54,40 € 34,63€
30/07/20	966	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	***683***	Pago do recibo de auga, correspondente ao 1º trimestre ded 2020.	60,94 €
30/07/2020	973	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	48117603Q	Pago do recibo de aluguer correspondente aos meses de abril (350€), maio (350€) e parte de xuño (25€) de 2020.	
31/07/2020	974	Conceder unha axuda económica	51294350A	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio de 2020(200€/mes). Pago de recibo de luz correspondente a facturas de 2020.	1000€

2.3.- SENTENZA 32/2020 DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 261/2019-L.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 32/2020, do 6 de maio de 2020, ditada polo Xulgado contencioso-administrativo núm. 2 da Coruña, Procedemento abreviado 261/2019-L, cuxo fallo estima o recurso contencioso administrativo interposto pola Procuradora Dona B.A.A. en representación de IBEREBRO SA fronte á desestimación por silencio do Concello de Culleredo de solicitude de devolución de ingresos indebidos presentada ante dito Concello en data de 18 de outubro de 2018 así como fronte á desestimación por silencio do recurso de reposición interposto en data de 3 de maio de 2019 ante o Concello de Culleredo anulando a autoliquidación practicada declarándoa indebida así como por ende o ingreso tributario derivado da mesma por importe de 15395, 85 euros IVTNU expediente 42000003873, acordando a rectificación da mencionada autoliquidación acordando practicar unha nova liquidación na que resulte unha cota a ingresar de 0 euros, e ordeando a devolución á demandante das cantidades ingresadas cos correspondentes intereses de demora desde a data do ingreso; coa

expresa imposición de costas á demandada e ata un máximo de 400 euros polos conceptos de representación e defensa.

Contra a sentenza non cabe recurso ordinario ningún, sen prexuízo do recurso de casación que puidera interpoñerse se se dan os requisitos previstos no artigo 86.1 da LXCA.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria , dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H